



## CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

### APROBACIÓN DAS BASES QUE REXEN O CERTAME DE COMPARSAS DE ENTROIDO 2020

Por decreto da Alcaldía do 05 de febreiro de 2020, aprobáronse as bases reguladoras polas que se convoca o Concurso de Entroido 2020, e se ordena a súa publicación no BOP.

#### **BASES REGULADORAS POLAS QUE SE CONVOCA O CONCURSO DE ENTROIDO 2020 DO CONCELLO DE PONTECESURES.**

##### *1.—OBXECTO DA CONVOCATORIA*

Regulación dos premios con motivo do Concurso de Entroido do ano 2020, organizado polo Concello de Pontecesures.

##### *2.—INSCRICIÓN*

As **inscricións das categorías “Grupos” e “Comparsas”** poderán realizarse ata as 14.00 horas do venres 21 de febreiro nas Oficinas do Concello. Tamén poderán formalizarse as **inscricións o mesmo día do concurso para as categorías “Individual” e “Parella”**, das 16 h. ata as 17.15 h. A partir das 17.15 h. péchase o prazo de inscrición.

Para participar no concurso de comparsas é preciso aportar a seguinte documentación: Solicitude de inscrición segundo modelo no que debe figurar o nome dos participantes (individuais e parellas), número de membros que conforman os grupos/comparsas que a compoñen, Nome, DNI, enderezo e teléfono do/da representante (de non ser unha asociación constituída); ou Nome, CIF, enderezo e teléfono no caso de ser unha asociación legalmente constituída.

##### *3.—BENEFICIARIOS*

Establécense catro categorías principais:

- Infantil. Parellas e individuais de 0 a 14 anos.
- Adulto. Parellas e individuais de 15 anos en diante.
- Grupos. De tres a nove persoas integrantes de calquera idade.
- Comparsas: 10 ou mais integrantes de calquera idade.

Como condición indispensable, todos os participantes no concurso deberán desfilar no pasarrúas.

Os inscritos só poderán participar nunha categoría e só terán opción a un premio.

Os disfraces gañadores de anos pasados non poderán volver a competir.

Todos os inscritos aceptan as condicións establecidas nas presentes bases.

##### *4. PREMIOS.*

O importe total dos premios destinados aos/ás participantes nos actos programados con motivo do Entroido distribuiranse segundo os seguintes criterios:





## CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

PREMIOS	INDIVIDUAL		PARELLA		GRUPO		COMPARSA	
INFANTIL DE 0 A 14 ANOS	1º	60 €	1º	80 €	1º	200 €	1º	300 €
	2º	30 €	2º	50 €				
	3º	20 €	3º	30 €	2º	100 €	2º	200 €
ADULTO + DE 14 ANOS	1º	60 €	1º	80 €				
	2º	30 €	2º	50 €				
	3º	20 €	3º	30 €				

### 5.—DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN

Todos os disfraces participantes (individuais, parellas, grupos e comparsas) concentraranse o domingo 23 de febreiro a partir das 17 h na Rúa Portarraxoi (esquina Rúa Ullán), dende onde sairá ás 17.30 h. O Desfile de Entroido, pasará pola rúa San Lois, Travesía da Estación, rúa Rosalía de Castro, rúa Sagasta e rematará na Plazuela. O Xurado acompañará o desfile para ter tempo de valorar ós participantes. O percorrido poderá sufrir modificacións, notificándollo antes da saída ós participantes.

A entrega de premios farase na Plazuela ao remate do desfile. Os que resulten gañadores do concurso deberán recoller eles mesmos o premio ataviados co disfraz que lles valeu o devandito premio, e no momento da entrega un adulto que se identificará cun DNI orixinal os acompañará para firmar o recibín correspondente. O fallo do xurado será inapelable e poderá declarar premios desertos se o considera oportuno.

En caso de choiva, o concurso trasladarase ao polideportivo Municipal.

### 6.—XURADO

O Xurado estará integrado por persoas alleas ó Concello de Pontecesures, excepto a figura do secretario, quen terá voz, pero non voto á hora de dar puntuacións. O secretario será quen levante acta das puntuacións emitidas polo xurado para emitir o seu fallo cos gañadores/as deste concurso

O xurado ten liberdade absoluta para xulgar aos participantes nas diferentes modalidades a concursar e, en consecuencia conceder os premios que avalan estas bases, e en todo caso, pode declarar deserto un ou varios premios, no caso de falta de méritos de valoración claros e específicos, como de dificultade, orixinalidade, ou calidade, así como pola escasa participación nalgunha das categorías, ou calquera circunstancia que sexa relevante de penalización.

Asdo.- Juan Manuel Vidal Seage.  
Alcalde-Presidente do Concello de Pontecesures.

(Documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe)

